

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
36024495	EEI de Bértola	Vilaboa	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	16/10/24
Data aprobación consello	15/10/24
Data aprobación claustro	15/10/24

2. Introducción

A EEI de Bértola forma parte, xunto con 4 escolas mais, do CRA Plurilingüe de Vilaboa Consuelo González Martínez e dentro deste CRA participa nos distintos proxectos que realizan e poñen en marcha de xeito conxunto.

O Proxecto Dixital como parte do Proxecto Educativo artéllase nun proxecto unificado no que a relación co Proxecto Lingüístico- Plurinfantil, o Plan de Convivencia, o de Igualdade e o Plan Xeral de Atención á Diversidade son fundamentais. Hoxe en día vivimos na sociedade da comunicación e da información. O sistema educativo non pode quedar á marxe dos novos cambios sociais, económicos e tecnolóxicos. Debe atender á formación dos novos cidadáns, e a incorporación das novas tecnoloxías ha de facerse coa perspectiva de favorecer as aprendizaxes e facilitar os medios que sustenten o desenvolvemento dos coñecementos e das competencias necesarias para a inserción social e profesional. Debe tamén evitar que xurda unha fenda dixital dada polo resultado da falta de alfabetización dixital. A LOE (Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación modificada parcialmente pola LOMLOE) e o Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil, pretenden dar resposta aos novos retos aos que se enfronta a escola. Neles e no futuro currículo da Educación Infantil na CCAA de Galicia recóllense as competencias como un elemento enriquecedor do currículo. Dúas destas competencias son a “Competencia dixital” e a “Competencia Matemática e básica en ciencia e tecnoloxía”, ambas ligadas intimamente ao Plan Dixital.

No curso 2012-13 o CRA entrou a formar parte do proxecto “Rede de escuelas na Nube” xunto con outros centros rurais das provincias de Ourense, A Coruña e Pontevedra. O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e a empresa galega Balidea Consulting and Programming colaboraron no deseño, desenvolvemento e implementación dunha “Rede de Escolas na Nube” baseada nas tecnoloxías e formas de traballo na nube (computación cloud) ao longo dos cursos 2012-13 e 2013-14. O proxecto de innovación educativa conta co apoio da Xunta de Galicia, que desde o curso escolar 2015-2016 alberga a través de AMTEGA nos seus servidores a NUBE, e na actualidade estase a implementar unha mellora na mesma.

A partir do proxecto xurdiron novas inquietudes ás que se lle deu resposta a través de Proxectos de Formación sobre tecnoloxías da aprendizaxe e STEAM -emprego de tablets, creación e edición de vídeo, creación de recursos interactivos, robótica.

COMPETENCIA DIXITAL: Na etapa infantil iníciase o proceso de alfabetización dixital, que implica, entre outras cousas, o acceso á información, a comunicación e a creación de contidos a través dos medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. Ademais, o uso e a integración destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula pode contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición da aprendizaxe dos nenos e nenas.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA: Os nenos e nenas aprenden habilidades lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, a manipulación e a realización de experimentos sinxelos. O proceso de ensino-aprendizaxe en Educación Infantil preséntase nun contexto suxestivo e divertido no que, desde un enfoque coeducativo, se estimula a curiosidade dos nenos e das nenas por comprender o que conforma a súa realidade, especialmente o que está ao seu alcance. a súa percepción e experiencia, respectando os seus ritmos de aprendizaxe. Para iso, convídase a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e verificar, comprender e explicar algúns fenómenos do medio natural próximo, comezar a apreciar o medio e adquirir hábitos saudables. Para o desenvolvemento desta competencia clave préstase especial atención á iniciación temperá das habilidades numéricas básicas, á manipulación de obxectos e á verificación de fenómenos.

O centro leva anos introducindo experiencias tecnolóxicas nas aulas como os obradoiros ROBOTICRA desde o curso 2017-18. A separación física dos colexios supón un gran reto en relación á coa organización e uso dos espazos dedicados ás experiencias STEAM, dado que teñen que xestionar seis espazos diferentes, cinco escolas e unha biblioteca central que conta con espazos creativos e diversas tecnoloxías (Incorporación ao programa POLOSCREATIVOS no curso 2022-2023).

NORMATIVA:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación artigos 121 e 132. (Consolidada pola Lei 3/2020).
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño).
- Resolución do 3 de setembro de 2021 establece as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Para a recollida d einformación previa se empregaron os seguintes instrumentos:

- Autoavaliación selfie
- Test CDD
- Análise Dafo
- Acreditacións Competencia Dixital Docente. (Fprofe).

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	O alumnado non acada os coñecementos suficientes para programar. Idades 3-6 anos	Alumnado	Non
Debilidade	O alumnado non aprende no centro a navegar responsable, segura e autonomamente en internet. Idades 3-6 anos	Alumnado	Non
Debilidade	O alumnado non aprende no centro a comunicarse empregando tecnoloxías dixitais. Idades 3-6 anos	Alumnado	Non
Debilidade	Fenda dixital: Falta de medios e/ou formación para empregalos.	Familias	Non
Debilidade	A asistencia técnica telefónica é rápida, pero a aorganización do CRA, coas escolas espalladas, dificulta a operatividade na xestión das incidencias e a atención simultánea ao alumnado.	Infraestruturas	Non
Debilidade	Non hai suficientes dispositivos dixitais para o aprendizaxe do alumando.	Infraestruturas	Non
Debilidade	O centro non conta con dispositivos portátiles de empréstito para o alumnado.	Infraestruturas	Non
Debilidade	O alumnado con NEAE non ten acceso a tecnoloxías asistencias específicas.	Infraestruturas	Non
Debilidade	O equipamento dixital é maioritariamente insuficiente, lento e anticuado.	Infraestruturas	Non
Debilidade	Os espazos das escolas non son os máis adoitados para traballar con tecnoloxías dixitais.	Infraestruturas	Non
Debilidade	A infraestrutura dixital non é suficiente para apoiar o ensino con tecnoloxías. non todas as aulas están cableadas, a wifi falla habitualmente...	Infraestruturas	Non
Debilidade	Non existen sistemas de protección de datos.	Infraestruturas	Non
Debilidade	A estratexia dixital do centro non está claramente definida.	Organización de centro	Non
Debilidade	O profesorado non ten tempo suficiente lectivo e non lectivo no centro para explorar como mellorar o seu método de ensino con tecnoloxías dixitais.	Organización de centro	Non
Debilidade	O centro hai anos que non colabora con outros centros educativos e/ou organizacións no traballo conxunto con tecnoloxías dixitais.	Organización de centro	Non
Debilidade	O profesorado non acostuma facilitar que o alumnado de educación infantil empregue as tecnoloxías para buscar información autonomamente.	Organización de centro	Non
Debilidade	Non existe un estudo fiable no centro sobre a dispoñibilidade de recursos dixitais nas casas do noso alumnado nin un plan para compensar as posibles carencias.	Organización de centro	Non
Debilidade	Non todo profesorado adoita crear contidos dixitais nin dispón dos coñecementos e ferramentas para facelo.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non todo o profesorado emprega entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non se empregan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumando.	Persoal docente	Non

Debilidade	Non se debate o suficiente sobre as necesidades de formación e actualización do profesorado no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non todo o profesorado síntese cómodo empregando tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa nin é autónomo no seu emprego.	Persoal docente	Non
Debilidade	O centro non ten unha liña formativa sobre tecnoloxías dixitais actualmente no seu PFPP.	Persoal docente	Non
Debilidade	O noso profesorado non valora as habilidades dixitais que o alumnado desenrola fóra do centro educativo.	Persoal docente	Non
Debilidade	No pasado empregábanse máis as tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións (video conferencia, recursos na nube..).	Persoal docente	Non
Debilidade	O equipo directivo non axuda ao profesorado a empregar tecnoloxías dixitais con fins de avaliación.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O centro conta con dispositivos dixitais en todas as aulas para uso do profesorado e alumnado.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Todos os espazos do centro contan con acceso a internet cablaado e /ou wifi.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	O equipo directivo involucra e anima ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Contamos con repositorios en liña de actividades e recursos. (NUBE, SYMBALOO, BLOGS...)	Organización de centro	Non
Fortaleza	O profesorado conta co apoio do equipo directivo para explorar novas formas de ensino con tecnoloxía dixital.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O profesorado adoita buscar contidos dixitais en liña adecuados para o seu o alumando e a materia de ensino.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O profesorado realiza actividades de aprendizaxe habitualmente.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O centro conta cunha liña formativa de en tecnoloxías dixitais. (POLOS CREATIVOS)	Persoal docente	Non
Fortaleza	A dirección anima ao profesorado a través do equipo de dinamización das TICs, (pantallas, radio, tablets, material de Polos Creativos...), as xuntanzas de equipo docente, os blogs e as RRSS ao intercambio de experiencias sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	O profesorado non domina a normativa específica sobre licenzas de uso e dereitos de autor.	Administración educativa	Non
Oportunidade	O profesorado ten acceso a unha ampla oferta formativa relacionada co uso de dispositivos e ferramentas dixitais para o ensino.	Administración educativa	Non
Oportunidade	A existencia dunha ANPA consolidada e a súa disposición e colaboración.	ANPA	Non
Oportunidade	Temos experiencia de colaboración con entidades como o CESGA e universidadea (USC) no desenvolvemento e aplicación de tecnoloxías dixitais. (Rede de Escolas na Nube e Rural School Cloud).	Outras	Non

3.4. Análise

Unha vez realizadas as pesquisas pertinentes a través do selfie e o test CDD e analizados os resultados que presentan os informes de ambas as dúas probas, xunto coa reflexión colectiva do equipo de dinamización do plan dixital, obsérvanse unhas fortalezas e debilidades a nivel interno e a nivel externo a parecen recollidas unhas oportunidades e ameazas que aparecerán na presente análise DAFO.

A partir delas establecéronse os obxectivos e accións a acometer do presente PLAN DIXITAL

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Actualizar, substituír ou mellorar o funcionamento dos equipos dixitais máis antigos do centro.
O02PD	Mellorar a competencia dixital docente do claustro.
O03PD	Concienciar ao alumnado do uso responsable e educativo dos recursos dixitais e tecnolóxicos.
O04PD	Promover a comunicación entre o profesorado e as familias mediante o uso das ferramentas AbalarPro-Abalar Móbil.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de equipos aranzados, mellorados e ou substituídos.	7	3				
Comunicación y resolución de incidencias.	0	15				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Actualización do inventario dos equipos do centro sinalando aqueles máis obsoletos e non funcionais.	20/12/2024	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Dinamizador/a das TIC-Radio	
Destinatario	Comunidade educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3: Actualización/substitución dos equipos máis vellos e obsoletos. Solicitude de novo equipamento a AMTEGA.	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Dirección	
Destinatario	Espazos do centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2: Comunicación á UAC (Unidade de atención a Centros) dos posibles equipos a arranxar/actualizar.	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Dirección	
Destinatario	Comunidade	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de participación en cursos de formación relacionados coa dixitalización, STEAM.	14	14				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1 Detección de carencias relativas á competencia dixital e necesidades formativas a través da realización dunha enquisa.	17/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Dinamizador/a das TIC	
Destinatario	Equipo docente	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2: Organización dunha actividade/liña de formación dentro do PFPP ou participación en congresos, xornadas tamén a nivel individual.	31/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Equipo docente	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.3: Creación de contidos dixitais e emprego nas aulas dos novos recursos tecnolóxicos adquiridos na formación que enriquezan o proceso de ensino-aprendizaxe.	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Equipo Docente	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de actividades de concienciación realizadas co alumnado sobre o uso responsable dos dispositivos.	2	2				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1: Procura de información sobre obradoiros adaptados á educación infantil sobre uso responsable da tecnoloxía.	31/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Dinamizador/a das TIC- Radio Coordinador / EAACCEE /Equipo de Biblioteca	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.2: Realización de actividades específicas de concienciación por parte do profesorado.	31/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Titoras Equipo docente	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.3: Realización de actividades complementarias (charla, contacontos, obradoiros...) por parte de expertos/as formados no uso responsable da tecnoloxía.	31/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Dirección Dinamizador/a das TIC - Radio , Coordinador EAACCEE, Equipo de	
Destinatario	Alumnado	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de familias que teñen descargada e consultan AbalarMóbil. (Instrumento: Envío de comunicación de centro e datos obtidos da súa lectura na plataforma).	100	100				
Porcentaxe de titoras e especialistas que realizan as comunicacións ás familias a través do sistema AbalarPro (Instrumento: Enquisa)	60	75				

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.2: Titorización entre iguais para formar ás persoas titoras e profesorado especialista no uso da ferramenta AbalarPro e formación das familias a través das titorías e ENAPA.	31/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Profesorado do seminario permanente	
Destinatario	Equipo docente Familias	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas ás familias.	31/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Dirección Equipo docente.	
Destinatario	Equipo docente Familias	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación sobre o programa AbalarPro-AbalarMobil.	31/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Dirección Responsable PFPP - Polos Creativos	
Destinatario	Equipo Docente Familias	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O equipo de dinamización do plan dixital reunirase con carácter xeral unha vez ao trimestre para facer un seguimento do proceso de implementación do plan.

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

Observación, enquisas, xuntanzas de equipo docente.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

En canto a comunicación e difusión do plan, podemos atopar o mesmo publicado na páxina web do centro

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
SELFIE	36024495_CRA Vilaboa_SELFIE_261121_101221.pdf
TEST CCDD	test competencia dixital informe_2203100945_31105935-c2b8-4e16-a778-4b1316c9254b.pdf
ACTA XUNTANZA nº 1 data 9 DE OUTUBRO DE 2024	ACTA 1.pdf